

DECRETO DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2026/G007/000010

EXPEDIENTE: 2026/G003/000847

ASUNTO: XUNTA GOBERNO LOCAL SESIÓN ORDINARIA 20260526

De acordo co decreto da alcaldía núm. 899/2023 de data 26 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno Local celebra sesións ordinarias o segundo e cuarto martes de cada mes ás 9:30 horas (nove e media da mañá).

Enterado da relación de expedientes e logo de ver os artigos 81, 82.1 e 113 do ROF e preceptos concordantes;

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a sesión **ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local o día **26 DE MAIO DE 2026 (martes)**, ás **09:30 horas (nove e media da mañá)**, na sala de xuntanzas da alcaldía da Casa do Concello, en primeira convocatoria e, de non haber “quorum” suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois, coa seguinte

ORDE DO DÍA

ASUNTO/S

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES:

- ORDINARIA do 12 de maio de 2026

2.-LICENZAS DE OBRA.

a) Expediente nº: 2026/U022/000013

Promotor: Ana María Gesto Antelo e Manuel Suárez Novío

Obra: Acondicionamento e cambio de uso de baixo para vivenda

Situación: Rúa Suárez Vence nº 38. baixo

Licenza de obra nº: 16/26

b) Expediente nº: 2026/U022/000012

Promotor: Xallas Santa Comba Sociedade Cooperativa Galega

Obra: Obras de conservación e adecuación Fábrica de Piensos existente

Situación: Rúa Concepción Arenal

Licenza de obra nº: 17/26

c) Expediente nº: 2026/U022/000004

Promotor: Francisco Barreiro Landeira

Asunto: Denegación licenza para Legalización de edificación destinada a aparcamento de tractor

Agrícola e almacén de leña.

Situación: Lg. Vilarnovo, Arantón

3.- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXPEDIENTE DE COMUNICACIÓN PREVIA DE 1ª OCUPACIÓN INFORMADO FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL. APROBACIÓN DA TASA ADMINISTRATIVA E APROBACIÓN LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DO ICIO E DAR TRASLADO DO EXPEDIENTE Á TESOURERÍA MUNICIPAL PARA A DEVOLUCION DO ICIO INDEBIDAMENTE COBRADO

EXPEDIENTE: 2026/U052/000001

ASUNTO: COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN
OBRA: Edificación comercial (nun único andar)
SITUACIÓN: Rúa Alexandre Bóveda esquina Rúa Pai Eliseo
PROMOTORES: José Luis Barcia Blanco

4.- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS EXPEDIENTES DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA INFORMADOS FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL.

5.- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXPEDIENTE DE COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE INFORMADO FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL.

EXPEDIENTE: 2026/U019/000007

ASUNTO: COMUNICACIÓN PREVIA INICIO DE ACTIVIDADE

ACTIVIDADE: Establecemento sanitario de audioprótesis

SITUACIÓN: Rúa Suárez Vence 2. Santa Comba

SOLICITANTE: Centro Auditivo Nordés SL

6.- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS EXPEDIENTES DE COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO TITULAR NA ACTIVIDADE INFORMADOS FAVORABLEMENTE POLA TÉCNICO MUNICIPAL.

a) EXPEDIENTE: 2026/U020/000005

ASUNTO: COMUNICACIÓN PREVIA CAMBIO TITULAR NA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE: Restaurante de 1 garfo

SITUACIÓN: Rúa Lugo 18 , Santa Comba.

SOLICITANTE: A Casa do Trancho SC

b) EXPEDIENTE: 2026/U020/000003

ASUNTO: COMUNICACIÓN PREVIA CAMBIO TITULAR NA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE: Taller de reparación de rodas

SITUACIÓN: Alfonso Molina , Santa Comba.

REFERENCIA CATASTRAL: 5165634NH1654N

SOLICITANTE: Francisco Guillín Riveiro

7.- CORRESPONDENCIA OFICIAL E INFORMACIÓNS DA ALCALDÍA.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Xunta de Goberno Local, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión da notificación do presente decreto:

ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL
NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADO POLA POLICÍA LOCAL

A acta da sesión ordinaria do 12 de maio de 2026 foi remitida por escrito da secretaría asinado con data 14/05/2026.

Esta resolución notifícase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interperse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interperse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

A alcaldesa accidental
(Por Decreto alc. núm. 804/2026 do 14/05/2026)

Noelia Baleato Toja

Dou fe. A secretaria xeral

Cristina Alonso Losada